



SI

A Sociedade da Información nos fogares galegos

Ano 2016

XUNTA DE GALICIA

Edita: Xunta de Galicia
Presidencia
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)

Lugar: Santiago de Compostela
Ano: 2017



Este documento distribúese baixo licenza Creative Commons 3.0.
Recoñecemento – Compartir baixo a mesma licenza dispoñible en:
<http://creativecommons.org/licenses/by-sa/3.0/deed.gl>

A Sociedade da Información nos fogares galegos

Ano 2016

Observatorio da Sociedade da Información e
a Modernización de Galicia (OSIMGA)

Xunta de Galicia
Presidencia

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)
Santiago de Compostela
2017



ÍNDICE

Introdución	5
I. Fogares con ordenador	6
II. Fogares con Internet contratado	15
III. Fogares con acceso contratado a banda larga	25
IV. Persoas que utilizaron o ordenador nos 3 últimos meses	34
V. Persoas que utilizaron Internet nos 3 últimos meses	45
VI. Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet	57
VII. eAdministración	68
Conclusións	77



INTRODUCCIÓN

Este estudo foi elaborado no marco do convenio de colaboración, asinado en outubro de 2012, entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) e o Instituto Galego de Estatística (IGE) para optimizar a recollida dos datos relativos á Sociedade da Información nos fogares galegos. O acordo de colaboración permite evitar a duplicidade de enquisas, atendendo aos criterios de máxima eficiencia, eficacia e austeridade na estrutura organizativa da actividade estatística da Administración autonómica.

No presente informe recóllense os resultados dos principais indicadores da Sociedade da Información nos fogares galegos, elaborados polo Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), adscrito á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega). Este organismo é o responsable de realizar o procesamento estatístico e a análise que se presenta neste Diagnóstico, que forma parte das iniciativas impulsadas pola Axenda Dixital 2020 da Xunta de Galicia.


Medición da evolución das TIC nos fogares

A información que se amosa neste diagnóstico procede dun módulo da Enquisa Estrutural a fogares. No ano 2016 a enquisa recolleu información de 7.983 fogares onde reside cando menos unha persoa de 16 a 74 anos. Supón un total de 16.910 persoas de 16 a 74 anos de idade.

O presente informe constitúe unha síntese dos resultados da evolución da Sociedade da Información en Galicia, a través do equipamento e usos das TIC nos fogares galegos nos que residen persoas de 16 a 74 anos de idade. En concreto, ofrécese información sobre a dispoñibilidade de ordenador, Internet contratado e banda larga. Ademais, avaliarase a utilización do ordenador e Internet por parte das persoas, a adquisición dalgún ben ou servizo a través de Internet e o uso da administración

A enquisa aporta datos desagregados por subconxuntos de idade, sexo, hábitat, número de membros do fogar, convivencia no fogar con nenos/as, ingresos do fogar, nivel de estudos e situación socio-laboral, obtendo unha perspectiva comparativa dos diferentes contornos socioeconómicos que coexisten en Galicia.

I. FOGARES CON ORDENADOR




☞ O 70,6% dos fogares galegos contan cun ordenador (sobremesa ou portátil, tablet ou PDA) no seu fogar, acadando o 89,2% dos fogares nos que residen nenos/as en idade escolar.

Fogares con ordenador

Os fogares con algún tipo de ordenador na Comunidade Galega, entendido como un equipo de sobremesa ou portátil, tablet ou PDA, mantense en valores similares ao ano anterior (70,6%), debido con toda probabilidade ao incremento no uso de dispositivos móbiles con conectividade, xa que o 35,5% de fogares sen ordenadores dispoñen de conexión a Internet, o que denota o uso de dispositivos alternativos ao ordenador para a conexión á Rede.

Esta información constata que estamos a ver cambios nos usos e dispoñibilidade de ferramentas, cambios que en todo caso afectan positivamente ao nivel de acceso á sociedade da Información na medida en que permiten unha maior extensión do uso a través de dispositivos practicamente universalizados entre a poboación galega.


G.1. FOGARES CON ORDENADOR



Base: total de fogares
Fonte: OSIMGA + IGE (2016)

Analizando o período 2013 – 2016, a dispoñibilidade de ordenadores nos fogares galegos continúa en valores positivos, concretamente nun crecemento do 0,9%.


G.2. EVOLUCIÓN DO INDICADOR E COMPARATIVA COA MEDIA ESTATAL E EUROPEA



Fogares con ordenador

Evolución Galicia

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA+IGE (2013-2016)

Fogares con ordenador

Comparación Galicia, España e UE

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA-IGE-INE-Eurostat

Nota: non se dispón de datos europeos para o ano 2014 e 2016

En canto ás provincias que contan cunha maior porcentaxe de fogares con ordenador, sitúase en primeiro lugar A Coruña (74%), seguida da provincia de Pontevedra (71,4%). Pola outra banda, atópase a provincia lucense cun 66,2% de fogares con ordenador e Ourense é a provincia que rexistra unha menor porcentaxe de fogares con ordenador (60,7%).

G.3. FOGARES CON ORDENADOR SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de fogares)




Fonte: OSIMGA + IGE (2016)

O tamaño de hábitat onde está situada a vivenda incide na dispoñibilidade de ordenador, sendo as vivendas situadas nos concellos de máis de 20.000 habitantes as que acadan porcentaxes superiores aos da media autonómica. Pola outra banda atópanse os hábitats cunha menor cantidade de habitantes, situándose á cola os concellos de ata 5.000 habitantes, que apenas acadan o 55% de fogares con ordenador.

G.4. FOGARES CON ORDENADOR SEGUNDO O TIPO DE HÁBITAT

(% sobre o total de fogares)




Fonte: OSIMGA + IGE (2016)

A análise da área de residencia confirma os datos observados en relación coas provincias, sendo as áreas de Santiago, Vigo e A Coruña as que acadan as porcentaxes máis elevadas de dispoñibilidade de ordenador. Pola contra, as áreas de O Carballiño- O Ribeiro e Ourense- Sur son as que contan coa menor dispoñibilidade de ordenadores, sendo as únicas que non superan o 55%.

G.5. FOGARES CON ORDENADOR SEGUNDO A ÁREA


(% sobre o total de fogares)



Fonte: OSIMGA + IGE (2016)

Amósase a continuación un mapa onde observamos, en termos xerais, a través da escala de cores, que as áreas costeiras son as que acadan porcentaxes superiores de fogares con ordenador, coa única excepción da área de Ourense.

G.6. MAPA DE FOGARES CON ORDENADOR SEGUNDO A ÁREA




Fonte: OSIMGA + IGE (2016)

Agás Ferrol, o resto de concellos con maior poboación de Galicia superan a media autonómica (70,6%), destacando unha vez máis os de Santiago, Vigo e A Coruña, con porcentaxes superiores ao 80%.

G.7. FOGARES CON ORDENADOR NOS 7 CONCELLOS CON MAIOR POBOACIÓN

(% sobre o total de fogares)




Fonte: OSIMGA + IGE (2016)

Os fogares de catro ou máis membros acadan unhas porcentaxes moi superiores ao resto de fogares en canto á disposición de ordenadores, concretamente dun 89,3%, 18,7 puntos porcentuais superior á media autonómica. Esta superioridade respecto á media dáse nos fogares cun maior número de membros, mentres que nos fogares de dous ou menos residentes, a porcentaxe diminúe notablemente.

G.8. FOGARES CON ORDENADOR SEGUNDO O NÚMERO DE PERSOAS NO FOGAR

(% sobre o total de fogares)




Fonte: OSIMGA + IGE (2016)

O volume total de ingresos do fogar é un indicador que afecta de maneira directamente proporcional á dispoñibilidade de ordenador no fogar, acadando as maiores porcentaxes nos fogares nos que as rendas son máis altas e diminuindo a medida que o volume de ingresos se reduce.

G.9. FOGARES CON ORDENADOR SEGUNDO O VOLUME TOTAL DE INGRESOS DO FOGAR


(% sobre o total de fogares)



Fonte: OSIMGA + IGE (2016)

Un ano máis, a convivencia con nenos/as no fogar semella ser unha variable altamente explicativa para a existencia de ordenador no fogar, superando os fogares nos que se convive con nenos/as en idade escolar en 18,6 puntos porcentuais á media autonómica de fogares con ordenador.

G.10. FOGARES CON ORDENADOR SEGUNDO A CONVIVENCIA CON NENOS/AS



Fonte: OSIMGA + IGE (2016)

II. FOGARES CON INTERNET CONTRATADO




- ➡ Internet está presente no 78,7% dos fogares galegos, o que supón un incremento do 10,1% no último ano.
- ➡ No período 2013 – 2016 reduciuse a fenda dixital na contratación de Internet con respecto á media europea en 6,8 puntos porcentuais.

Fogares con Internet contratado

O 78,7% dos fogares galegos contan con Internet, o que supón un incremento do 10,1% respecto ao último dato obtido no 2015.

G.11. FOGARES CON INTERNET CONTRATADO




Base: total de fogares
Fonte: OSIMGA + IGE (2016)


Un ano máis, a evolución de fogares con Internet contratado en Galicia é superior a observada a nivel estatal e europeo, acadando un crecemento do 19,4% no período 2013-2016, 1,9 puntos porcentuais superior á evolución española e 11,8 puntos porcentuais superior á evolución europea.

Cabe salientar que no período 2013 – 2016, reduciuse a fenda dixital na contratación de Internet respecto á media europea en 6,8 puntos porcentuais.

G.12. EVOLUCIÓN DO INDICADOR E COMPARATIVA COA MEDIA ESTATAL E EUROPEA




Fogares con internet contratado
Evolución Galicia
(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA+IGE (2013-2016)

Fogares con internet contratado
Comparación Galicia, España e UE
(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA-IGE-INE-Eurostat

Novamente son as provincias de Pontevedra e Coruña as que contan con maior porcentaxe de fogares con conexión a Internet contratado, superando a media galega en 2,5 e 1,3 puntos porcentuais respectivamente.

G.13. FOGARES CON INTERNET CONTRATADO SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de fogares)




Fonte: OSIMGA + IGE (2016)

Os fogares situados nos hábitats máis poboados acadan porcentaxes superiores de contratación de Internet, superando o 80% nos concellos de máis de 20.000 habitantes.

G.14. FOGARES CON INTERNET CONTRATADO SEGUNDO O TIPO DE HÁBITAT

(% sobre o total de fogares)




Fonte: OSIMGA + IGE (2016)

Ao igual que aconteceu na análise da dispoñibilidade de ordenador, no caso de fogares con Internet contratado, as áreas de Vigo, Santiago e A Coruña son as que acadan unha maior porcentaxe.


G.15. FOGARES CON INTERNET CONTRATADO SEGUNDO A ÁREA

(% sobre o total de fogares)



Fonte: OSIMGA + IGE (2016)

G.16. MAPA DE FOGARES CON INTERNET CONTRATADO SEGUNDO A ÁREA




Fonte: OSIMGA + IGE (2016)

No caso de fogares con Internet contratado nos sete concellos de maior poboación, agás en Ferrol e Ourense, supérase a media autonómica de contratación da Rede, destacando os valores acadados no concello de Vigo, onde o 89,9% dos fogares contan con conexión a Internet.

G.17. FOGARES CON INTERNET CONTRATADO NOS 7 CONCELLOS CON MAIOR POBOACIÓN

(% sobre o total de fogares)




Fonte: OSIMGA + IGE (2016)

O número de persoas no fogar novamente afecta de maneira positiva á contratación de Internet, superando o 90% de fogares con Internet contratado nas vivendas de 3 ou máis membros.

G.18. FOGARES CON INTERNET CONTRATADO SEGUNDO O NÚMERO DE PERSOAS NO FOGAR

(% sobre o total de fogares)




Fonte: OSIMGA + IGE (2016)

A renda familiar constitúe outro indicador relacionado estreitamente coa contratación de Internet no fogar, de xeito que a maior renda familiar, maior dispoñibilidade de conexión á Rede.

G.19. FOGARES CON INTERNET CONTRATADO SEGUNDO O VOLUME TOTAL DE INGRESOS DO FOGAR

(% sobre o total de fogares)




Fonte: OSIMGA + IGE (2016)

A conexión á Rede nos fogares galegos está notablemente influenciada pola convivencia con nenos/as en idade escolar, acadando porcentaxes do 93,8% de fogares con Internet nos que conviven menores de 16 anos.

G.20. FOGARES CON INTERNET CONTRATADO SEGUNDO A CONVIVENCIA CON NENOS/AS

(% sobre o total de fogares)




Fonte: OSIMGA + IGE (2016)

Os principais motivos que alegan os fogares galegos para non dispoñer de Internet nos seus fogares é a percepción da falta de necesidade (54,8%). A imposibilidade de contratar Internet no lugar onde está situada a vivenda rexistra valores residuais xa que tan só afecta unicamente ao 2,4% de fogares sen conexión.

G.21. MOTIVOS POLOS QUE NON DISPOÑEN DE INTERNET CONTRATADO

(% sobre o total de fogares sen conexión a Internet)



Fonte: OSIMGA + IGE (2016)

En canto aos motivos para a falta de conexión no fogar segundo provincias, obsérvase que a provincia de Pontevedra supera á media autonómica no que se refire a custos altos, tanto de equipamentos como de conexión. O descoñecemento para usalo é superior na provincia coruñesa, superando á media autonómica en 3,6 puntos porcentuais; e as provincias de Lugo e Ourense teñen como argumento principal de non conexión a percepción da falta de necesidade deste servizo.

C.1. MOTIVOS POLOS QUE NON DISPOÑEN DE INTERNET CONTRATADO SEGUNDO A PROVINCIA

MOTIVACIÓNS	PROVINCIA (%)				Total (%)
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Non o necesitan	53,9	63,8	62,4	47,4	54,8
Non o queren	47,6	52,6	49,9	45,8	48,2
Non lles resulta útil	30,4	36,6	36,8	27,1	31,3
Non o coñecen	26,9	21,5	16,8	27,6	24,7
Teñen poucos coñecementos para usalo	42,2	31,9	39,9	36,4	38,6
Custos altos do equipamento	21,7	15,8	19,9	35,7	24,7
Custos altos de conexión	26,8	20,2	21,0	35,2	27,4
Téñeno noutro lugar	7,8	8,6	6,4	5,7	7,1
Non é posible contratar Internet no lugar onde está a súa vivenda	1,6	4,6	1,1	3,0	2,4

Base: fogares sen conexión a Internet

Fonte: OSIMGA + IGE (2016)

O menor nivel de ingresos no fogar provoca que os custos, tanto de conexión como de equipamento, sexan os motivos máis sinalados para non dispoñer de conexión a Internet contratado.


C.2. MOTIVOS POLOS QUE NON DISPOÑEN DE INTERNET CONTRATADO SEGUNDO O VOLUME TOTAL DE INGRESOS DO FOGAR

MOTIVACIÓNS	VOLUME TOTAL DE INGRESOS NO FOGAR (%)						Total (%)
	Menos de 601 €	Entre 601 € e 1.100 €	Entre 1.101 € e 1.800 €	Entre 1.800 € e 2.700 €	Entre 2.701 € e 3.500 €	Máis de 3.500 €	
Non o necesitan	39,0	55,0	61,4	58,1	54,1	49,1	54,8
Non o queren	31,8	46,5	53,9	57,2	49,5	54,6	48,2
Non lles resulta útil	24,4	31,1	34,5	32,5	32,0	29,3	31,3
Non o coñecen	19,0	26,5	28,5	19,0	19,0	36,9	24,7
Teñen poucos coñecementos para usalo	37,1	37,3	43,1	35,4	26,5	31,0	38,6
Custos altos do equipamento	43,4	27,4	17,3	17,0	14,0	8,9	24,7
Custos altos de conexión	49,4	29,1	19,8	18,3	17,6	8,9	27,4
Téñeno noutro lugar	7,8	5,5	4,4	12,1	20,4	24,9	7,1
Non é posible contratar Internet no lugar onde está a súa vivenda	1,4	1,7	2,1	5,2	5,3	2,4	2,4

Base: fogares sen conexión a Internet

Fonte: OSIMGA + IGE (2016)

III. FOGARES CON ACCESO CONTRATADO A BANDA LARGA




☞ O crecemento de fogares con banda larga no período 2013-2016 en Galicia duplicou o incremento rexistrado na Unión Europea.

Fogares con acceso contratado a banda larga


O 78,6% dos fogares galegos contan con acceso a Internet contratado a través de banda larga, considerando as conexións a Internet de velocidade igual ou superior a 1Mbps.

O crecemento galego, un ano máis, é superior á evolución estatal e europea, acurtando a distancia no indicador de contratación de banda larga; deste xeito, a diferenza entre Galicia e a media estatal reduciuse a 2,6 puntos porcentuais (fronte os 6,4 puntos porcentuais do ano 2015).

G.22 FOGARES CON ACCESO CONTRATADO A BANDA LARGA




G.23. EVOLUCIÓN DO INDICADOR E COMPARATIVA COA MEDIA ESTATAL E EUROPEA



Fogares con acceso contratado a Banda larga Evolución Galicia


(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA+IGE (2013-2016)

Fogares con acceso contratado a Banda larga Comparación Galicia, España e UE

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA-IGE-INE-Eurostat

As provincias da Coruña e Pontevedra son as que posúen unha maior porcentaxe de fogares con banda larga, con valores iguais ou superiores ao 80%.

G.24 FOGARES CON ACCESO CONTRATADO A BANDA LARGA SEGUNDO A PROVINCIA


(% sobre o total de fogares)



Fonte: OSIMGA + IGE (2016)

O tamaño de poboación do concello afecta de xeito directo á contratación de banda larga nos fogares galegos, aumentando esta a medida que medra o tamaño do hábitat no que se ubica a vivenda.


G.25. FOGARES CON ACCESO CONTRATADO A BANDA LARGA SEGUNDO O TIPO DE HÁBITAT



Fonte: OSIMGA + IGE (2016)



Atendendo ás áreas que contan cunha maior presenza de banda larga, Vigo e Santiago volven a destacar fronte ao resto, acadando o 87,4% e o 84,5% dos fogares respectivamente; mentres que as que acadan unha porcentaxe máis baixa sitúanse na área de Carballiño-O Ribeiro, Ourense Central e Lugo Sur (63,5%, 65,4% e 65,5% respectivamente).

G.26. FOGARES CON ACCESO CONTRATADO A BANDA LARGA SEGUNDO A ÁREA



Fonte: OSIMGA + IGE (2016)

G.27. MAPA DE FOGARES CON CON ACCESO CONTRATADO A BANDA LARGA SEGUNDO A ÁREA




Fonte: OSIMGA + IGE (2016)

A análise da contratación de banda larga nos grandes concellos galegos amosa unhas altas porcentaxes en concellos como Vigo (89,9%), Santiago (86,5%) e A Coruña (84%); mentres que os concellos de Ferrol e Ourense sitúanse lixeiramente por baixo da media autonómica.

G.28. FOGARES CON ACCESO CONTRATADO A BANDA LARGA NOS 7 CONCELLOS CON MAIOR POBOACIÓN

(% sobre o total de fogares)




Fonte: OSIMGA + IGE (2016)

O tamaño do fogar indica que un número elevado de persoas residindo nunha mesma vivenda supón, en termos xerais, unha maior probabilidade de contratar unha conexión a Internet de banda larga.

G.29. FOGARES CON ACCESO CONTRATADO A BANDA LARGA SEGUNDO O NÚMERO DE PERSOAS NO FOGAR

(% sobre o total de fogares)




Fonte: OSIMGA + IGE (2016)

Practicamente a totalidade de fogares con rendas superiores aos 2.701€ contan con banda larga contratada no seu fogar, mentres que no caso dos fogares cuns ingresos de menos de 600€ apenas superan o 50%.

G.30. FOGARES CON ACCESO CONTRATADO A BANDA LARGA SEGUNDO O VOLUME TOTAL DE INGRESOS DO FOGAR

(% sobre o total de fogares)




Fonte: OSIMGA + IGE (2016)

En consoancia coa maior contratación de Internet comentada anteriormente, a dispoñibilidade de banda larga é superior nos fogares que contan con nenos/as en idade escolar obrigatoria, superando á media autonómica en 15,2 puntos porcentuais.


G.31. FOGARES CON ACCESO CONTRATADO A BANDA LARGA SEGUNDO A CONVIVENCIA CON NENOS/AS

(% sobre o total de fogares)



Fonte: OSIMGA + IGE (2016)

IV. PERSOAS QUE UTILIZARON O ORDENADOR NOS TRES ÚLTIMOS MESES




- ☞ A idade e o nivel de formación inciden de xeito directo no uso de ordenadores

Persoas que utilizaron o ordenador nos últimos tres meses

A porcentaxe de persoas que utilizaron o ordenador nos últimos tres meses acadou o 66,5% da poboación galega de 16 a 74 anos no ano 2016.


G.32. PERSOAS QUE UTILIZARON O ORDENADOR NOS TRES ÚLTIMOS MESES



Base: total de persoas
Fonte: OSIMGA + IGE (2016)

No período 2013- 2016 Galicia incrementou nun 3,7% o uso do ordenador, se ben non están dispoñibles os datos correspondentes para o ano 2016 no ámbito estatal e europeo.


G.33. EVOLUCIÓN DO INDICADOR E COMPARATIVA COA MEDIA ESTATAL E EUROPEA



Persoas que utilizaron o ordenador nos últimos tres meses

Evolución Galicia

(% sobre o total de persoas de 16a 74 anos)




Fonte: OSIMGA+IGE (2013-2016)

Analizando os datos galegos en termos de sexo e idade, obsérvase que a fenda dixital de xénero é de 3,9 puntos e constátase que o nivel de uso do ordenador aumenta canto máis novo é o usuario.

G.34. PERSOAS QUE UTILIZARON O ORDENADOR NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O SEXO


(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2016)

G.35. PERSOAS QUE UTILIZARON O ORDENADOR NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O GRUPO DE IDADE

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2016)

O incremento na formación incide directamente no uso do ordenador entre a poboación galega, de modo que a porcentaxe de usuarios de ordenador sitúase sempre por riba do 90% entre as persoas que estudaron Educación postsecundaria ou superior.

G.36. PERSOAS QUE UTILIZARON O ORDENADOR NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O NIVEL DE ESTUDOS

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2016)

Estudantes e ocupados constitúen o grupo ocupacional que máis utiliza o ordenador, mentres que os xubilados rexistran valores inferiores ao 50%.

G.37. PERSOAS QUE UTILIZARON O ORDENADOR NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO A SITUACIÓN SOCIO-LABORAL

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2016)

As provincias da Coruña e Pontevedra sitúanse por riba da media galega no uso do ordenador nos últimos tres meses.

G.38. PERSOAS QUE UTILIZARON O ORDENADOR NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2016)

O tamaño do hábitat afecta directamente ao uso do ordenador, acadando a súa maior porcentaxe nos concellos de máis de 20.000 habitantes, con valores superiores ao 70%.

G.39. PERSOAS QUE UTILIZARON O ORDENADOR NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O TIPO DE HÁBITAT

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2016)

As áreas da Coruña (75,1%), Vigo (74,2%) e Santiago (73,9%) son as que contan con maior proporción de usuarios de ordenador nos últimos tres meses. En contraposición, a área de Lugo Oriental é o lugar onde se rexistra a porcentaxe máis baixa de uso do ordenador, cun 49,9%.


G.40. PERSOAS QUE UTILIZARON O ORDENADOR NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO A ÁREA

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2016)

G.41. MAPA DE PERSOAS QUE UTILIZARON O ORDENADOR NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO A ÁREA




Fonte: OSIMGA + IGE (2016)

Considerando a información dos concellos con maior poboación de Galicia, A Coruña e Vigo, igualados, son os concellos que contan cun maior uso de ordenador, cun 81,1%, seguido de Santiago cun 79,1%. En todos os casos, os grandes concellos de Galicia superan a media autonómica (66,5%).

G.42. PERSOAS QUE UTILIZARON O ORDENADOR NOS ÚLTIMOS TRES MESES NOS 7 CONCELLOS CON MAIOR POBOACIÓN

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2016)

As persoas que conviven en fogares de catro membros son os que contan cun maior uso do ordenador nos últimos tres meses, cun 78,3%, seguido dos fogares de tres membros, que acadan o 70,7%.

G.43. PERSOAS QUE UTILIZARON O ORDENADOR NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O NÚMERO DE PERSOAS NO FOGAR

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2016)

O nivel de ingresos no fogar afecta de maneira directamente proporcional ao uso de ordenadores, sendo as persoas que conviven nos fogares cun maior nivel de ingresos os que rexistran un maior nivel de uso do ordenador nos últimos tres meses (84%).

G.44. PERSOAS QUE UTILIZARON O ORDENADOR NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O VOLUME TOTAL DE INGRESOS DO FOGAR


(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2016)

A presenza de nenos en idade escolar obrigatoria no fogar, incide claramente no uso do ordenador dos residentes, superando en 17,3 puntos porcentuais aos fogares onde non residen nenos/as.

G.45. PERSOAS QUE UTILIZARON O ORDENADOR NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO A CONVIVENCIA CON NENOS/AS



Fonte: OSIMGA + IGE (2016)

V. PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES




- ☞ A porcentaxe de usuarios de Internet nos últimos tres meses incrementouse en Galicia un 4,7% respecto ao ano anterior.
- ☞ A fenda de xénero a nivel autonómico é inferior á que se rexistra nos ámbitos estatal e europeo.

Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses

Un ano máis, a porcentaxe de persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses aumentou, acadando o 74% da poboación galega de 16 a 74 anos, o que supón un crecemento dun 4,7% no último ano.

G.46. PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET NOS TRES ÚLTIMOS MESES



No período 2013-2016, a evolución de persoas que utilizaron Internet nos tres últimos meses en Galicia é superior ao crecemento estatal e europeo. Así, Galicia incrementou o uso de Internet nos últimos tres meses nun 14,2% dende o ano 2013, fronte ao 12,6% do conxunto do Estado e o 9,3% da Unión Europea.


G.47. EVOLUCIÓN DO INDICADOR E COMPARATIVA COA MEDIA ESTATAL E EUROPEA

Crecemento no período 2013 - 2016




Galicia: 14,2%. España: 12,6%. UE: 9,3%

Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses
Evolución Galicia
(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA+IGE (2013-2016)

Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses
Comparación Galicia, España e UE
(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA-IGE-INE-Eurostat

A idade é unha variable que afecta de xeito directo no uso de Internet. A menor idade, maior uso da Rede, acadando niveis de uso do 98,7% nas idades máis temperás. A comparativa entre Galicia e España amosa que, ata os 44 anos, Galicia converxe coa media estatal e mesmo a supera lixeiramente entre os 16 e os 34 anos.

G. 48. PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O GRUPO DE IDADE

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2016)– INE 2016

A fenda de xénero a nivel autonómico é inferior á dos ámbitos estatal e europeo, cuantificada en 3 puntos porcentuais no ano 2016, fronte aos 4,3 puntos porcentuais que se rexistraba no 2015, mentres que a nivel estatal e europeo a fenda é de 3,9 e 4 puntos porcentuais respectivamente.


G. 49. PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O SEXO

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2016)

Mulleres que utilizaron Internet nos últimos tres meses
Evolución Galicia
(% sobre mulleres de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA+IGE (2013-2016)

Mulleres que utilizaron Internet nos últimos tres meses
Comparación Galicia, España e UE
(% sobre mulleres de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA-IGE-INE-Eurostat

Homes que utilizaron Internet nos últimos tres meses
Evolución Galicia
(% sobre homes de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA+IGE (2013-2016)

Homes que utilizaron Internet nos últimos tres meses
Comparación Galicia, España e UE
(% sobre homes de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA-IGE-INE-Eurostat

A maior nivel formativo, obsérvase máis hábito de utilización de Internet, superando o 90% cando se trata de persoas cun nivel formativo superior á segunda etapa de educación secundaria.

G. 50. PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O NIVEL DE ESTUDOS

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2016)

A análise en base á situación laboral indica que estudantes (99,4%) e ocupados (88,2%) son os colectivos que máis utilizaron Internet nos últimos tres meses.

G. 51. PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO A SITUACIÓN SOCIO-LABORAL

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2016)

A Coruña e Pontevedra son as provincias que acadan un maior uso de Internet nos últimos tres meses, superando ambas as dúas a media autonómica.

G. 52. PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2016)

O uso de Internet continúa a incrementarse en todos os tipos de poboación analizados, estando especialmente estendido nos concellos de máis de 50.000 habitantes, onde supera amplamente a media galega e acada unha porcentaxe do 81,9%. Nos concellos máis pequenos achégase moi preto do 60%.

G.53. PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O TIPO DE HÁBITAT

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2016)

As áreas xeográficas que contan cunha maior porcentaxe de uso de Internet nos últimos tres meses corresponden as áreas de tres grandes cidades galegas: A Coruña (79,6%), Santiago (79%) e Vigo (81,8%). Pola outra banda, sitúase a área da Costa da Morte, onde a Rede foi usada nos últimos tres meses polo 61,6% da poboación.


G.54. PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO A ÁREA

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2016)

G.55. MAPA DE PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO A ÁREA




Fonte: OSIMGA + IGE (2016)

Todos os grandes concellos de Galicia superan a media autonómica a excepción de Ferrol, situándose por riba do 80% os concellos da Coruña, Santiago e Vigo.

G.56. PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES NOS 7 CONCELLOS CON MAIOR POBOACIÓN

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2016)

O maior uso da Rede acádase nos fogares de 4 membros, onde se rexistra o máximo de 84,2% de usuarios/as.

G. 57. PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O NÚMERO DE PERSOAS NO FOGAR

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2016)

O nivel de ingresos no fogar tamén constitúe un indicador determinante á hora de utilizar a Rede, e nos fogares con rendas superiores a 1.800 euros comeza a superarse a media autonómica.

G. 58. PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O VOLUME TOTAL DE INGRESOS DO FOGAR

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2016)

A convivencia con nenos en idade escolar condiciona o uso de Internet notablemente, superando en 18,8 puntos porcentuais aos fogares sen nenos en idade escolar.

G.59. PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO A CONVIVENCIA CON NENOS/AS

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2016)

Frecuencia de uso de Internet

Entre os galegos/as que utilizaron Internet nos últimos tres meses, un 80,3% fano a diario e un 15,5% todas as semanas, en porcentaxes similares á media estatal.

G.60. FRECUENCIA DE USO DE INTERNET



Base: total de persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses
Fonte: OSIMGA + IGE (2016); INE (2016)

VI. PERSOAS QUE ADQUIRIRON ALGÚN BEN OU SERVIZO A TRAVÉS DE INTERNET




☞ As compras a través da Rede continúan o seu ascenso en Galicia, superando o dato do ano anterior nun 3,3%

Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet


Un 37,2% dos internautas galegos compraron a través de Internet nos últimos tres meses. A adquisición de bens ou servizos a través da Rede incrementouse nun 3,3% respecto aos datos do ano 2015.

G.61. PERSOAS QUE ADQUIRIRON ALGÚN BEN OU SERVIZO A TRAVÉS DE INTERNET NOS TRES ÚLTIMOS MESES




Base: total de persoas que utilizaron Internet algunha vez
Fonte: OSIMGA + IGE (2016)

G.62. EVOLUCIÓN DO INDICADOR E COMPARATIVA COA MEDIA ESTATAL E EUROPEA




Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet nos últimos tres meses
Evolución Galicia
(% sobre o total de persoas que utilizaron internet algunha vez)



Fonte: OSIMGA+IGE (2013-2016)

Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet nos últimos tres meses
Comparación Galicia, España e UE
(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA-IGE-INE-Eurostat
Nota: datos Galicia → datos obtidos sobre o total de persoas que utilizaron internet algunha vez.

A compra a través da Rede nos tres últimos meses non amosa diferenzas significativas en función do sexo.

G. 63. PERSOAS QUE ADQUIRIRON ALGÚN BEN OU SERVIZO A TRAVÉS DE INTERNET NOS TRES ÚLTIMOS MESES SEGUNDO O SEXO

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que usaron Internet algunha vez)




Fonte: OSIMGA + IGE (2016)

Os mozos con idades comprendidas entre os 25 e 34 anos son os que contan cunha maior porcentaxe de compradores a través da Rede (51,2%) seguido dos de 16 a 24 anos (44,9%) e dos de 35 a 44 anos (43,9%). A partir desta idade, a adquisicións de bens ou servizos a través de Internet sitúase por baixo da media autonómica e descende de maneira proporcional a medida que aumenta a idade da poboación.

G. 64. PERSOAS QUE ADQUIRIRON ALGÚN BEN OU SERVIZO A TRAVÉS DE INTERNET NOS TRES ÚLTIMOS MESES SEGUNDO O GRUPO DE IDADE

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que usaron Internet algunha vez)




Fonte: OSIMGA + IGE (2016)

O nivel de estudos afecta proporcionalmente á porcentaxe de adquisicións a través da Rede, superando o 70% no caso de persoas con ensinanzas de doutorado.

G. 65. PERSOAS QUE ADQUIRIRON ALGÚN BEN OU SERVIZO A TRAVÉS DE INTERNET NOS TRES ÚLTIMOS MESES SEGUNDO O NIVEL DE ESTUDOS

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que usaron Internet algunha vez)




Fonte: OSIMGA + IGE (2016)

Os estudantes, así como os ocupados son factores positivos explicativos da porcentaxe de persoas que compran bens ou servizos a través de Internet. No resto de situacións socio-laborais analizadas, non se acada a media autonómica.

G.66. PERSOAS QUE ADQUIRIRON ALGÚN BEN OU SERVIZO A TRAVÉS DE INTERNET NOS TRES ÚLTIMOS MESES SEGUNDO A SITUACIÓN SOCIO-LABORAL

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que usaron Internet algunha vez)




Fonte: OSIMGA + IGE (2016)

A Coruña é a provincia galega que acada unha maior porcentaxe de compradores a través de Internet, superando a media autonómica en 5 puntos porcentuais.

G. 67. PERSOAS QUE ADQUIRIRON ALGÚN BEN OU SERVIZO A TRAVÉS DE INTERNET NOS TRES ÚLTIMOS MESES SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que usaron Internet algunha vez)




Fonte: OSIMGA + IGE (2016)

Os hábitats con maior número de habitantes acadan as porcentaxes máis altas de compras de bens ou servizos a través de Internet, superando a media autonómica no caso dos hábitats de máis 20.001 habitantes.

G.68. PERSOAS QUE ADQUIRIRON ALGÚN BEN OU SERVIZO A TRAVÉS DE INTERNET NOS TRES ÚLTIMOS MESES SEGUNDO O TIPO DE HÁBITAT

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que usaron Internet algunha vez)




Fonte: OSIMGA + IGE (2016)

Lugo Sur e Santiago, son as que acadan unha maior porcentaxe neste indicador, cun 48,6% e 48% respectivamente.


G.69. PERSOAS QUE ADQUIRIRON ALGÚN BEN OU SERVIZO A TRAVÉS DE INTERNET NOS TRES ÚLTIMOS MESES SEGUNDO A ÁREA

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que usaron Internet algunha vez)



Fonte: OSIMGA + IGE (2016)

**G.70. MAPA DE PERSOAS QUE ADQUIRIRON ALGÚN BEN OU SERVIZO A TRAVÉS DE INTERNET NOS
TRES ÚLTIMOS MESES SEGUNDO A ÁREA**




Fonte: OSIMGA + IGE (2016)

En canto a análise dos sete grandes concellos, destacan Ferrol e Pontevedra cun 51,8% e 42,2% respectivamente.

G.71. PERSOAS QUE ADQUIRIRON ALGÚN BEN OU SERVIZO A TRAVÉS DE INTERNET NOS TRES ÚLTIMOS MESES NOS 7 CONCELLOS CON MAIOR POBOACIÓN

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que usaron Internet algunha vez)




Fonte: OSIMGA + IGE (2016)

O número de persoas no fogar non parece ser un indicador determinante á hora de analizar a compra a través de Internet, acadando nas diferentes categorías porcentaxes moi similares.

G. 72. PERSOAS QUE ADQUIRIRON ALGÚN BEN OU SERVIZO A TRAVÉS DE INTERNET NOS TRES ÚLTIMOS MESES SEGUNDO O NÚMERO DE PERSOAS NO FOGAR

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que usaron Internet algunha vez)




Fonte: OSIMGA + IGE (2016)

Respecto ao nivel de ingresos no fogar, a relación co indicador e as de compras en liña é evidente, acadando o seu máximo nos fogares con ingresos superiores a 3.500 euros cun 51,6%.

G. 73. PERSOAS QUE ADQUIRIRON ALGÚN BEN OU SERVIZO A TRAVÉS DE INTERNET NOS TRES ÚLTIMOS MESES SEGUNDO O VOLUME TOTAL DE INGRESOS DO FOGAR

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que usaron Internet algunha vez)




Fonte: OSIMGA + IGE (2016)

Un ano máis, a presenza de nenos en idade escolar obrigatoria, tampouco parece influír de modo determinante no indicador de compras a través de Internet, a diferenza do que sucedía con outros indicadores.

G.74. PERSOAS QUE ADQUIRIRON ALGÚN BEN OU SERVIZO A TRAVÉS DE INTERNET NOS TRES ÚLTIMOS MESES SEGUNDO A CONVIVENCIA CON NENOS/AS

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que usaron Internet algunha vez)



Fonte: OSIMGA + IGE (2016)

VII. eADMINISTRACIÓN




☞ Galicia avanza á media estatal e á europea no uso da eAdministración.

eAdministración

En Galicia, a interacción coas Administracións Públicas para a obtención dalgún tipo de información, foi do 66,7%, o que representa un crecemento no período 2013-2016 do 27,8%.


G.75. PERSOAS QUE INTERACTUARON COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET NOS ÚLTIMOS DOCE MESES PARA OBTENIR INFORMACIÓN



Base: total de persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet nos últimos doce meses
Fonte: OSIMGA + IGE (2016)


A porcentaxe de internautas galegos que interactuaron coa Administración Pública para obter información é superior á porcentaxe acadada a nivel estatal e europeo, concretamente, a media autonómica supera en 8,6 puntos porcentuais á media estatal e en 16,7 puntos porcentuais á europea.

G.76. EVOLUCIÓN DO INDICADOR E COMPARATIVA COA MEDIA ESTATAL E EUROPEA




Diagnóstico 2016. Enquisa á poboación sobre a Sociedade da Información en Galicia

Persoas que interactuaron coas AAPP a través de Internet nos últimos doce meses para obter información
Evolución Galicia
(% sobre as persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet nos últimos doce meses)



Fonte: OSIMGA+IGE (2013-2016)


Persoas que interactuaron coas AAPP a través de Internet nos últimos doce meses para obter información
Comparación Galicia, España e UE
(% sobre as persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet nos últimos doce meses)



Fonte: OSIMGA-IGE-INE-Eurostat

A descarga de formularios a través de Internet durante os últimos 12 meses, incrementouse nun 6,2% durante o 2016 en Galicia, acadando o 59,9%.


G.77. PERSOAS QUE INTERACTUARON COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET NOS ÚLTIMOS DOCE MESES PARA DESCARGAR FORMULARIOS




Base: total de persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet nos últimos doce meses
Fonte: OSIMGA + IGE (2016)

Ao igual que aconteceu coa procura de información, a descarga de formularios tamén se sitúa por riba da media estatal e europea.

G.78. EVOLUCIÓN DO INDICADOR E COMPARATIVA COA MEDIA ESTATAL E EUROPEA




Persoas que interactuaron coas AAPP a través de Internet nos últimos doce meses para descargar formularios
Evolución Galicia
(% sobre as persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet nos últimos doce meses)



Fonte: OSIMGA+IGE (2013-2016)


Persoas que interactuaron coas AAPP a través de Internet nos últimos doce meses para descargar formularios
Comparación Galicia, España e UE
(% sobre as persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet nos últimos doce meses)



Fonte: OSIMGA-IGE-INE-Eurostat

O 65,4% das persoas que utilizaron Internet nos últimos 12 meses, utilizárono para enviar formularios cumprimentados ás Administracións Públicas.

G.79. PERSOAS QUE INTERACTUARON COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET NOS ÚLTIMOS DOCE MESES PARA ENVIAR FORMULARIOS CUMPRIMENTADOS




Base: total de persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet nos últimos doce meses


Fonte: OSIMGA + IGE (2016)

Respecto á evolución do indicador, en Galicia deuse un crecemento máis elevado que no resto dos territorios analizados no período 2013-2016, concretamente sufriu un incremento do 32,7%, fronte o 24,1% de crecemento a nivel estatal, e o 25,9% no ámbito europeo.

G.80. EVOLUCIÓN DO INDICADOR E COMPARATIVA COA MEDIA ESTATAL E EUROPEA




Persoas que interactuaron coas AAPP a través de Internet nos últimos doce meses para enviar formularios cumprimentados
Evolución Galicia
(% sobre as persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet nos últimos doce meses)



Fonte: OSIMGA+IGE (2013-2016)

Persoas que interactuaron coas AAPP a través de Internet nos últimos doce meses para enviar formularios cumprimentados
Comparación Galicia, España e UE
(% sobre as persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet nos últimos doce meses)



Fonte: OSIMGA-IGE-INE-Eurostat

As provincias da Coruña e Pontevedra rexistran as porcentaxes máis elevadas de internautas que interactuaron coas Administracións Públicas.

C.3. TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET NOS ÚLTIMOS DOCE MESES SEGUNDO A PROVINCIA

TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET	PROVINCIA (%)				Total (%)
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Para obter información	69,1	59,7	61,8	67,6	66,7
Para descargar formularios oficiais	61,7	51,7	60,0	60,3	59,9
Para enviar formularios cumprimentados	67,0	56,3	59,9	68,0	65,4

Base: persoas que utilizaron Internet nos últimos doce meses
Fonte: OSIMGA + IGE (2016)

En termos xerais, o tamaño de hábitat inflúe na interacción coas Administracións Públicas, incrementándose esta a medida que o fai o número de habitantes, en termos xerais.

C.4. TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET NOS ÚLTIMOS DOCE MESES SEGUNDO O TIPO DE HÁBITAT

TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET	TAMAÑO DE HÁBITAT (%)					Total (%)
	Ata 5.000 hab.	De 5.001 a 10.000 hab.	De 10.001 a 20.000 hab.	De 20.001 a 50.000 hab.	Máis de 50.000 hab.	
Para obter información	54,6	67,6	63,6	71,2	69,9	66,7
Para descargar formularios oficiais	50,4	58,5	53,6	61,3	65,5	59,9
Para enviar formularios cumprimentados	55,0	65,4	62,2	66,8	69,5	65,4

Base: persoas que utilizaron Internet nos últimos doce meses
Fonte: OSIMGA + IGE (2016)

O volume total de ingresos tamén inflúe de forma significativa na porcentaxe de persoas que interaccionan coas Administracións Públicas, aumentando de xeito directamente proporcional en todos os trámites a medida que se incrementan os ingresos do fogar.

C.5. TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET NOS ÚLTIMOS DOCE MESES SEGUNDO O VOLUME TOTAL DE INGRESOS DO FOGAR

TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET	VOLUME TOTAL DE INGRESOS NO FOGAR (%)						Total (%)
	Menos de 601 €	Entre 601 € e 1.100 €	Entre 1.101 € e 1.800 €	Entre 1.800 € e 2.700 €	Entre 2.701 € e 3.500 €	Máis de 3.500 €	
Para obter información	50,8	54,1	61,8	66,0	76,9	77,2	66,7
Para descargar formularios oficiais	43,5	47,6	54,4	60,1	68,7	70,8	59,9
Para enviar formularios cumprimentados	48,7	52,1	59,6	66,0	75,1	75,7	65,4

Base: persoas que utilizaron Internet nos últimos doce meses

Fonte: OSIMGA + IGE (2016)

A existencia de nenos/as ou estudantes no fogar non parece ser un factor determinante na interacción das persoas coas Administracións Públicas, aínda que a porcentaxe de interacción é lixeiramente superior nos fogares con menores en idade escolar obrigatoria.

C.6. TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET NOS ÚLTIMOS DOCE MESES SEGUNDO A CONVIVENCIA CON NENOS/AS

TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET	CONVIVENCIA CON NENOS / AS ESTUDANTES (%)		Total (%)
	Con nenos /as en idade escolar obrigatoria	Sen nenos / as en idade escolar obrigatoria	
Para obter información	68,8	65,8	66,7
Para descargar formularios oficiais	61,5	59,1	59,9
Para enviar formularios cumprimentados	67,0	64,6	65,4

Base: persoas que utilizaron Internet nos últimos doce meses

Fonte: OSIMGA + IGE (2016)

A interacción coas Administracións Públicas segundo o xénero non amosa grandes diferenzas entre homes e mulleres, sendo lixeiramente superior a porcentaxe de mulleres que utilizan os servizos administrativos a través da Rede.

C.7. TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET NOS ÚLTIMOS DOCE MESES SEGUNDO O SEXO

TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET	SEXO (%)		Total (%)
	Home	Muller	
Para obter información	66,5	66,9	66,7
Para descargar formularios oficiais	59,3	60,4	59,9
Para enviar formularios cumprimentados	64,5	66,3	65,4

Base: persoas que utilizaron Internet nos últimos doce meses

Fonte: OSIMGA + IGE (2016)

Segundo as idades, o intervalo de idade comprendido entre os 16 e os 24 anos é o que posúe unha porcentaxe maior de interacción coas Administracións Públicas, nas tres accións analizadas, destacando o 82,7% dos máis mozos que se relacionan coas Administracións Públicas a través da Rede co fin de obter información.

C.8. TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET NOS ÚLTIMOS DOCE MESES SEGUNDO IDADE

TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET	IDADE (%)						Total (%)
	De 16 a 24 anos	De 25 a 34 anos	De 35 a 44 anos	De 45 a 54 anos	De 55 a 64 anos	De 65 a 74 anos	
Para obter información	82,7	77,3	69,0	62,1	51,8	37,7	66,7
Para descargar formularios oficiais	73,1	70,0	62,2	56,3	45,9	32,0	59,9
Para enviar formularios cumprimentados	75,8	75,2	69,3	61,6	51,3	37,8	65,4

Base: persoas que utilizaron Internet nos últimos doce meses

Fonte: OSIMGA + IGE (2016)

A formación é unha vez máis, un factor que inflúe positivamente na interacción coas Administracións Públicas, con independencia do trámite analizado: A maior nivel de estudos, maior é o uso de Internet para estas cuestións.

C.9. TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET NOS ÚLTIMOS DOCE MESES SEGUNDO O NIVEL DE ESTUDOS

TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET	NIVEL DE ESTUDOS (%)									Total (%)
	Sen estudos	E. Prima	1ª etapa de E.Sec.	2ª etapa de E.Sec.	E. Postsecundaria	FP	Graos uni. de 240 créd	Graos uni. >240 créd	Doutorado	
Para obter información	10,1	31,1	47,7	72,9	68,7	77,2	83,1	87,5	90,1	66,7
Para descargar formularios oficiais	6,2	22,4	40,3	65,0	64,0	70,4	77,3	83,0	87,2	59,9
Para enviar formularios cumprimentados	18,1	28,7	45,6	71,4	64,0	77,6	82,2	86,4	88,1	65,4

Base: persoas que utilizaron Internet nos últimos doce meses

Fonte: OSIMGA + IGE (2016)

Os estudantes, xunto cos ocupados, son os grupos que acadan maiores porcentaxes de interacción coas Administracións Públicas a través de Internet.

C.10. TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET NOS ÚLTIMOS DOCE MESES SEGUNDO A SITUACIÓN SOCIO-LABORAL

TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET	OCUPACIÓN (%)						
	Ocupado	Parado	Xubilado	Persoas con discapacidade	Tarefas do fogar	Estudando	Total (%)
Para obter información	71,3	62,5	43,1	42,7	42,9	87,2	66,7
Para descargar formularios oficiais	64,7	55,5	36,6	36,7	38,4	77,7	59,9
Para enviar formularios cumprimentados	70,2	61,8	43,8	41,7	45,4	79,7	65,4

Base: persoas que utilizaron Internet nos últimos doce meses

Fonte: OSIMGA + IGE (2016)

Conclusións

A porcentaxe de fogares galegos con Internet contratado ascendeu a 78,7%, o que supón un incremento do 10,1% no último ano

Un ano máis, a evolución de fogares con Internet contratado en Galicia é superior a observada a nivel estatal e europeo, acadando un crecemento do 19,4% no período 2013-2016, 1,9 puntos porcentuais superior á evolución española e 11,8 puntos porcentuais superior á evolución europea. Cabe salientar que no período 2013 – 2016, reduciuse a fenda dixital na contratación de Internet respecto á media europea en 6,8 puntos porcentuais.

O 78,6% dos fogares galegos contan con acceso a Internet contratado a través de banda larga. O crecemento galego é superior á evolución estatal e europea, acurtando a distancia no indicador de contratación de banda larga; deste xeito, a diferenza entre Galicia e a media estatal reduciuse a 2,6 puntos porcentuais (fronte os 6,4 puntos porcentuais do ano 2015). Ademais, o crecemento de fogares con banda larga no período 2013-2016 en Galicia duplicou o incremento rexistrado na Unión Europea

Respecto á análise da utilización de Internet, a porcentaxe de usuarios de Internet nos últimos tres meses incrementouse en Galicia un 4,7% respecto ao ano anterior e sitúase no 74%. Considerando o crecemento no período 2013-2016, a evolución de persoas que utilizaron Internet nos tres últimos meses en Galicia é superior ao crecemento estatal e europeo. Así, Galicia incrementou o uso de Internet nos últimos tres meses nun 14,2% dende o ano 2013, fronte ao 12,6% do conxunto do Estado e o 9,3% da Unión Europea.

Os factores que inciden principalmente nos indicadores TIC analizados son a idade, o nivel de estudos e a ocupación, a estrutura e a renda familiar e o tamaño do hábitat.

Con independencia do indicador que se estea a analizar, atópanse un denominador común: A influencia de determinados factores e características socio-demográficas na implantación e evolución das TIC en Galicia.

- A menor idade, maior uso da Internet, acadando niveis de uso do 98,7% nas idades máis temperás. A comparativa entre Galicia e España amosa que, ata os 44 anos, Galicia

converxe coa media estatal e mesmo a supera lixeiramente entre os 16 e os 34 anos.

- Estudantes, ocupados e con nivel formativo superior á etapa secundaria son os colectivos que máis utilizaron Internet nos últimos tres meses.
- A dispoñibilidade de banda larga é superior nos fogares que contan con nenos/as en idade escolar obrigatoria, superando á media autonómica en 15,2 puntos porcentuais.
- O tamaño de poboación do concello afecta de xeito directo á contratación de banda larga nos fogares galegos, aumentando esta a medida que medra o tamaño do hábitat no que se ubica a vivenda.
- O número de persoas no fogar novamente afecta de maneira positiva á contratación de Internet, superando o 90% de fogares con Internet contratado nas vivendas de 3 ou máis membros.

Galicia avanta á media estatal e á europea no uso da eAdministración.

A porcentaxe de internautas galegos que interactuaron coa Administración Pública para obter información (66,7%) é superior á porcentaxe acadada a nivel estatal e europeo, concretamente, a media autonómica supera en 8,6 puntos porcentuais á media española e en 16,7 puntos porcentuais á europea.

En canto a descarga de formularios, a media galega incrementouse nun 6,2% durante o 2016 en Galicia, acadando o 59,9%. O 65,4% das persoas que utilizaron Internet nos últimos 12 meses, utilizárono para enviar formularios cumprimentados ás Administracións Públicas, situándose novamente por riba da media estatal e europea.

En relación ás compras a través da Rede, un 37,2% dos internautas galegos mercaron a través de Internet nos últimos tres meses. A adquisición de bens ou servizos a través da Rede incrementouse nun 3,3% respecto aos datos do ano 2015.

